

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 15.11.2019 Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de novembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 52981 (10/POC-008244)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen
Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 518, do 06.08.2019
- 1.2 55210 (10/POC-008703)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio Rural co fin de evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 529, do 12.09.2019
- 1.3 57598 (10/POC-009041)
Grupo Parlamentario Mixto
Rodríguez Estévez, David e 3 máis
Sobre os protocolos activados polo Goberno galego, ademais das enquisas de bioseguridade nas explotacións, para detectar a posible presenza da peste porcina africana en Galicia, así como as medidas e os programas que se están a desenvolver para a súa prevención e detección
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019

Punto 2. Propositions non de lei

- 2.1 51685 (10/PNC-004132)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019
- 2.2 57168 (10/PNC-004538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
cos procesos de concentración parcelaria do monte na zona denominada
Gonzar II e nas parroquias de Arca e Pereira, no concello do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 547, do 16.10.2019

- 2.3 57599 (10/PNC-004581)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito
participativo, dun plan de fomento da horticultura galega co fin de reverter
a baixada que rexistra, entre os anos 2009 e 2017, a súa produción
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019
- 2.4 57959 (10/PNC-004624)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co
convenio asinado coa Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas
secundarias, para a prevención dos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019
- 2.5 58030 (10/PNC-004630)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
cos terreos forestais particulares que polo seu estado de abandono supoñan
un elevado risco de propagación do lume
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 555, do 30.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis
horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Daniel Vega Pérez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Vega Pérez	P
Vicepresidenta	
Rosa Oubiña Solla	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Marcos Cal Ogando	GCE
Jackeline Elizabeth Fernández Macías	P
Carlos Gómez Salgado	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	M
Óscar Vilar Chento	S

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52981(10/POC-008244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Dacosta, Maria del Carmen

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*)

Publicación da iniciativa, 518, 06.08.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:02
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 29/07/2019 11:09:02,450

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A avespíña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*), considerada como a peor praga que afecta aos castiñeiros. Desde que no ano 2014 fora detectada nas provincias de Lugo e Ourense, os soutos e castiñeiros galegos levan rexistrando nos últimos anos a presenza da avespíña que a día de hoxe está practicamente estendida pola nosa xeografía presentando porcentaxes de incidencia cada ano máis altos ata o punto de constituír a máis seria ameaza para a produción de castaña.

A Consellería empezou o combate desta nova praga en 2016 coa solta de *Torymus*, procedentes de Italia, pero dun xeito experimental, e logo durante os anos 2017 e 2018, pero sempre en cantidades claramente insuficientes como para frear a expansión da avespíña que cada ano coloniza máis árbores e que de non combatela eficazmente ameaza con aniquilar soutos e provocar o colapso da produción de castaña.

No mes de abril de 2019 comezaba a solta de *Torymus* e fai uns días que coñecemos que a Xunta de Galicia remataba as soltas, cunha cantidade do dobre de individuos que no ano anterior, para combater a avespíña do castiñeiro.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medios está a levar a cabo o Goberno galego para frear a praga da avespíña?

2ª) Cal está a ser a situación de incidencia da praga da avespíña nos castiñeiros e nos soutos galegos en 2019?

Pazo do Parlamento, 29 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/07/2019 10:51:50

CSX-REXISTRON57atYva16
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/07/2019 11:09:02
Nº Rexistro: 52981
Data envío: 29/07/2019 11:09:02.450

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/07/2019 10:52:08

CSV REXISTRO
Verificación
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 55210(10/POC-008703)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería do Medio Rural co fin de evitar as consecuencias para o sector lácteo de Galicia da normativa europea referida ás emisións de amoníaco á atmosfera ocasionadas polos zurros procedentes das explotacións gandeiras e a aplicación destes nos solos

Publicación da iniciativa, 529, 12.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:46:05
Nº Rexistro: 55210
Data envío: 05/09/2019 17:46:05.262

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No Real Decreto 1.078/2014, o anexo II recolle as Boas Condicións Agrarias e Medioambientais da terra. A *BCAM* 6 do apartado 2 (solo e reserva de carbono), que fai referencia ó mantemento da porcentaxe de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incorporaría a seguinte prohibición:

"A aplicación do purín nas superficies agrícolas non poderá realizarse mediante sistemas de prato ou abano nin canóns, podendo as Comunidades Autónomas estableceren excepcións, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións orográficas e climáticas, ou outros motivos, debendo as mesmas quedaren debidamente xustificadas."

O sistema de condicionalidade establecido no **REGULAMENTO (UE) N 1306/2013** do **PARLAMENTO EUROPEO** e do **CONSELLO** de 17 de decembro de 2013, inclúe un marco a partir do cal os Estados membros deben adoptar normas nacionais de boas condicións agrarias e ambientais.

O marco da Unión debe incluír normas para abordar mellor as cuestións da auga, do solo, das reservas de carbono, da biodiversidade e da paisaxe, así como do nivel mínimo de mantemento da terra.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:46:05
Nº Rexistro: 55210
Data envío: 05/09/2019 17:46:05.262

Os beneficiarios da PAC deben comprender claramente as súas obrigacións en relación coas normas de condicionalidade. Para iso, tódolos requisitos e normas que forman parte das mesmas deben ser comunicadas polos Estados membros de forma exhaustiva, comprensible e explicativa, mesmo, cando sexa posible, por medios electrónicos

No artigo 94 deste regulamento establécense as obrigas dos Estados membros relativas ás boas condicións agrarias e ambientais:

"Os Estados membros garantirán que toda a superficie agrícola, incluída a que xa non se utilice para a produción, se manteña en boas condicións agrarias e ambientais.

Os Estados membros definirán, a nivel nacional ou rexional, as normas mínimas para os beneficiarios de boas condicións agrarias e ambientais da terra sobre a base do anexo II, atendendo ás características específicas das superficies afectadas, incluídas as condicións edafolóxicas e climáticas, os sistemas de explotación existentes, a utilización das terras, a rotación de cultivos, as prácticas de explotación agraria e as estruturas de explotación.

Os Estados membros non definirán requisitos mínimos que non estean establecidos no anexo II.

O primeiro que non está claro, e haberá que xustificar legalmente é por que meter esta medida, que afecta, e de que maneira, ó sector lácteo e cárnico bovino case exclusivamente. Nas BCAMs da condicionalidade da PAC, xa que esta nova "medida" non ten fundamento científico agronómico desde o punto de vista de manter a materia orgánica do solo (BCAM 6. *Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante*



CSV REXISTRO20208CepY9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:46:05
Nº Rexistro: 55210
Data envío: 05/09/2019 17:46:05.262

prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias)

A utilización de novos apeiros para aplicar o xurro en terreos inclinados, aumenta as necesidades de tracción dos tractores, o perxudicar a estrutura do solo, favorecer a erosión, e a escorrentía de nutrientes cara as augas.

Un informe da Comisión Europea sobre as emisións de gases contaminantes do sector gandeiro aclara que o sector de vacún de leite é o que menos amoníaco emite á atmosfera, sendo os nitratos de síntese e o porcino os principais sectores contaminantes. É máis, en cifras o gando de vacún de leite é responsable só do 4,4% das emisións de amoníaco de orixe agrícola. Pola contra, a gran maioría destas corresponden ós nitratos de síntese (19,7%) e ao porcino (17,5%).

Sendo isto certo a pregunta é ¿por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC?

¿Cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortiguadores das emisións coma o pastoreo, o enterrado inmediato con laboreo, a diminución do uso de abonos químicos como a urea, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas?

O motivo aducido polo Ministerio é o de reduci-las emisións de amoníaco de orixe agrícola aplicando técnicas que diminúan a volatilización do nitróxeno dos xurros, pero non toma medida cos nitratos de síntese que na Unión Europea representan o 20,8% das emisións.

O Programa Europeo de Avaliación da Calidade do Aire déixao moi claro: as zonas con maior contaminación por amoníaco do Estado español son as que teñen máis concentración de porcino, en concreto as comunidades de Cataluña e Aragón



CSV REXISTRO20208CepY9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:46:05
Nº Rexistro: 55210
Data envío: 05/09/2019 17:46:05.262

fundamentalmente. Pola contra onde se concentra a cabana leiteira, Galicia e a Cornixa Cantábrica, son as de niveis máis baixos.

Por todo o anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Por que ten que paga-los pratos rotos o sector lácteo con medidas restritivas condicionando o pago da PAC ?

-Cal é a razón pola que non se opta por outros aspectos amortiguadores das emisións coma o pastoreo, a redución de uso de abonos químicos como a urea, o enterrado inmediato con laboreo, as condicións climáticas, orográficas e edafolóxicas...?

-Que medidas tomou ata o de agora a Consellería de Medio Rural para defende-lo sector desta arbitrariedade e cales pensa tomar ?

-É consciente a Consellería de que estas medidas poden facer pecha-las explotacións de leite familiares e de menos tamaño afondando na crise demográfica e o despoboamento do rural galego?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2019 17:46:05
Nº Rexistro: 55210
Data envío: 05/09/2019 17:46:05.262

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 17:43:49

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 17:43:58

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 17:44:04

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 17:44:10

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 17:44:17

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 17:44:25



CSV REXISTRO20190208CepY9

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 57598(10/POC-009041)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre os protocolos activados polo Goberno galego, ademais das enquisas de bioseguridade nas explotacións, para detectar a posible presenza da peste porcina africana en Galicia, así como as medidas e os programas que se están a desenvolver para a súa prevención e detección

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57598
Data envío: 14/10/2019 19:24:54.689

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario Mixto, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**:

O persoal funcionario de aduanas da Axencia Alimentaria e Veterinaria de Macedonia do Norte, confiscaba 21 toneladas de carne de porco procedente de España, por estar infectada con peste porcina africana (PPA), o pasado xoves 10 de outubro, na fronteira entre este país e Bulgaria. Ademais de levar a cabo a confiscación e destrución da carne, evitando así que entrase no mercado da UE sinalaron que informarán posteriormente á Organización Mundial de Sanidade Animal e á UE.

As autoridades locais de Macedonia xa iniciaran una campaña para a redución do xabaril que triplica a poboación sostible no país, co fin de previr que a enfermidade da PPA se estenda, inda que non contan con casos de infección por esta peste porcina.

No noso país tampouco hai evidencias de peste porcina africana, inda que é necesario levar a cabo un control de bioseguridade exhaustivo, en todas as explotacións, para detectar a presenza da PPA, control e erradicación. Un dos problemas pode vir a través da poboación excesiva de xabarís nalgúns concellos, que poden ser obxecto de infección e transmisión da enfermidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 7ª:

CSM-REXISTROXTN9DMS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramlas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57598
Data envío: 14/10/2019 19:24:54.689

- 1.- Que protocolos ten activados a Xunta para detectar a posible presenza de peste porcina africana na nosa comunidade, ademais das enquisas de bioseguridade nas explotacións porcinas?
- 2.- Que medidas de incremento dos controis de limpeza e desinfección dos vehículos procedentes de países de risco (Serbia, Bulgaria, e países do leste) se levan a cabo por parte da Xunta?
- 3.- Que programas está levando a cabo a Xunta coas autoridades estatais e europeas na detección e prevención da presenza da PPA en Galicia?
- 4.- Que medidas publicitarias se tomaron desde a Xunta para a sensibilización fronte á PPA da poboación do noso país?
- 5.- Que estudos se realizaron da PPA na poboación no noso país do xabarl? Que medidas de control se están realizando sobre o mesmo?

Santiago de Compostela, a 14 de outubro de 2019.

Asdo: Davide Rodríguez Estévez,
Luís Villares Naveira,
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Vero
Deputados e deputada do G.P. Mixto .

CSV REXISTRO: 57598
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57598
Data envío: 14/10/2019 19:24:54.689

David Rodríguez Estévez na data 14/10/2019 19:22:47

Luis Villares Naveira na data 14/10/2019 19:22:59

Paula Vázquez Verao na data 14/10/2019 19:23:14

Francisco Casal Vidal na data 14/10/2019 19:24:07

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Villares Naveira
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 51685(10/PNC-004132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos accidentes que se veñen producindo con maquinaria agrícola antiga

Publicación da iniciativa, 493, 26.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 18:06:04
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 18/06/2019 18:06:04.274

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cada pouco aparece nos xornais unha nova que se fai habitual: ...unha persoa morta ó quedar atrapada polo seu tractor...

E o asunto non vai máis alá da dolor solidaria da xente do rural que comprende que iso acontece pola fatalidade e pouco máis.

Mais a realidade é que se producen entre 15 e 20 accidentes con resultado de morte ó ano e que un informe do ISSGA que abrangue o período entre 2016 e novembro de 2.018 fala de 53 mortos.

Nada se sabe dos outros accidentes con feridos que non se contabilizan. Non hai ningún estudo serio sobre o tema aínda que os datos soltos apuntan a que a maioría dos falecidos superan os 65 anos en máquinas de pequenas dimensións, vellas tamén e sen arco de seguridade.

Estes accidentes acontecen xeralmente en traballos domésticos, e amósanos unha actividade agraria e forestal de autoconsumo que teoricamente podería ser catalogada coma residual se non fose que a realidade se impón á teoría.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 18:06:04
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 18/06/2019 18:06:04.274

A realidade fálanos da existencia dunha poboación rural avellentada que continúa xestionando unha boa parte do territorio en réxime de autoconsumo ou de labores agrarios complementarios a tempo parcial. Estas actividades, de escaso valor económico medible, si teñen un alto valor social e de xestión do territorio.

A existencia desta maquinaria, noutro tempo moderna e axeitada á moda, inclúe todo tipo de segadoras, empacadoras e sobre todo tractores e motocultores adaptados a tirar duns remolques feitos á medida que propiciaron unha actividade agraria que os tempos e as condicións "modernas" tiraron por terra xunto coas expectativas de facer do campo a despensa do País.

Pero o problema está aí. A menor axilidade dos pilotos, a falla de barras de seguridade e o exceso de confianza que dá a rutina levan a esta alta taxa de sinistralidade. Trátase de accidentes laborais de xente xubilada? Resulta unha contradición en si mesma. Porque quen xestiona o territorio como fixo toda a súa vida ten dereito a facelo e é necesario socialmente que o faga ou alomenos está a cumprir un alto valor social.

Que facer?

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-Elaborar un informe o máis exhaustivo posible cos datos sobre accidentes con maquinaria agrícola nos últimos catro anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 18:06:04
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 18/06/2019 18:06:04.274

-Investigar tódolos accidentes con maquinaria agrícola explicitando causas, estado da maquinaria accidentada, persoas implicadas e danos sufridos polas mesmas, elaborando un informe anual conclusivo.

-Deseñar accións formativas prácticas para os usuarios da maquinaria descrita no argumentario.”

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/06/2019 18:05:04

Xosé Luis Bará Torres na data 18/06/2019 18:05:11

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2019 18:06:04
Nº Rexistro: 51685
Data envío: 18/06/2019 18:06:04.274

María Montserrat Prado Cores na data 18/06/2019 18:05:19

Noa Presas Bergantiños na data 18/06/2019 18:05:30

Olalla Rodil Fernández na data 18/06/2019 18:05:38

Ana Pontón Mondelo na data 18/06/2019 18:05:47



CSV REXISTRO XERAL ENTRADA

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 57168(10/PNC-004538)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos procesos de concentración parcelaria do monte na zona denominada Gonzar II e nas parroquias de Arca e Pereira, no concello do Pino

Publicación da iniciativa, 547, 16.10.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:01:44
Nº Rexistro: 57168
Data envío: 08/10/2019 17:01:44.967

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, Óscar Vilar Chento e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

O Diario Oficial de Galicia número 155, de data 10 agosto do ano 2000, publicaba o Decreto 205/2000, do 21 de xullo, polo que se declaraba de utilidade pública e de urxente execución a concentración parcelaria da zona de Gonzar II, no concello do Pino (A Coruña).

Malia ser declarada de urxente execución, transcorren case que nove anos ata que se publican, no DOG N.º 6, o 9 de xaneiro do ano 2009, as súas bases definitivas de acordo coa Resolución do 28 de novembro de 2008.

Estamos a falar aproximadamente de 900 hectáreas, onde o factor predominante da parroquia de Gonzar, no Pino, é a dispersión e o minifundismo, xa que a mencionada superficie conta con 7.853 parcelas.

Transcorridos máis de 19 anos desde o inicio do proceso de concentración, esta, aínda non rematou, e apenas hai avances significativos. Feitos, que impiden aos propietarios e propietarias explotar de maneira eficiente os seus recursos forestais, tales como: plantar e producir madeira.

Ademais, este atraso, no proceso de concentración, está a provocar unha considerable diminución da capacidade produtiva da terra. Xa que a dificultade de acceso aos predios entorpece, ou incluso imposibilita, o tránsito da actual maquinaria, provocando que moitas fincas se atopen nun estado de total abandono, o que xera un aumento da biomasa forestal, e que trae consigo un aumento no risco de incendios.

Así mesmo, neste mesmo concello, O Pino, existen dúas parroquias, Arca e Pereira, que, a día de hoxe, non contan con toda a súa superficie aparcada, pero onde si os propietarios das terras demandan, tamén, o inicio do proceso concentración.

CSX-REXISTROTPRV515H6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2019 17:01:44
Nº Rexistro: 57168
Data envío: 08/10/2019 17:01:44.967

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Que remate, no 1º semestre do ano 2020, o proceso de concentración parcelaria do monte, denominado Gonzar II, no concello do Pino, iniciado no ano 2000 e coas as súas bases definitivas aprobadas e publicadas desde o ano 2009.

2º. Dotar partidas orzamentarias nos presupostos do ano 2020, para iniciar os traballos do proceso de concentración do monte nas parroquias de Arca e Pereira no concello do Pino.

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 08/10/2019 16:56:43

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/10/2019 16:56:54

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/10/2019 16:58:36

CSV REXISTRO: PRVS15H6
Vilariño
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 57599(10/PNC-004581)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a elaboración e aprobación pola Xunta de Galicia, de xeito participativo, dun plan de fomento da horticultura galega co fin de reverter a baixada que rexistra, entre os anos 2009 e 2017, a súa produción

Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019

GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57599
Data envío: 14/10/2019 19:33:51,396

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, por iniciativa dos seus deputados Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.^a**

Exposición de motivos

Si se observan os datos do Instituto Galego de Estatística sobre os principais produtos hortícolas dos que hai rexistros, entre 2009 e 2017, observamos que practicamente todos eles baixan a súa produción.

Tomate, feixón verde, cebola e repolo descenden de xeito importante e só a leituga mantén a mesma produción.

O descenso da produción do tomate en Galiza é de 7.768 toneladas, o que significa un descenso do 7,5% da produción.

A produción da cebola descende un 24,90% e 10.061 tms, o feixón 6.880 tms e un descenso do 12%, e o repolo perde 20.423 tms de produción cun descenso porcentual dun 25%.

Son importantes descensos que non se ven compensados polo incremento do 2,1% da produción de leituga que significan 525 tms.

En troques as importacións de legumes, hortalizas e tubérculos incrementáronse neses mesmos anos un 45%.

Tendo Galiza como ten un grande potencial de desenvolvemento dunha horticultura de calidade e diversificada non se deberían obviar estes datos.

A administración debe de diagnosticar esta realidade e plantexar liñas de traballo que corrixan estas situacións.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/10/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 57599
Data envío: 14/10/2019 19:33:51.396

A potenciación deste tipo de cultivos é unha oportunidade de creación de emprego, riqueza e fixación de poboación no rural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a elaborar e aprobar dun xeito participativo un Plan de fomento da horticultura galega co obxectivo de reverter esta dinámica creando oportunidades de futuro no agro galego.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Vicevoceiro e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/10/2019 19:30:57

Marcos Cal Ogando na data 14/10/2019 19:31:10



CSV REXISTROKIMDRIe5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 57959(10/PNC-004624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co convenio asinado coa Fegamp e Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias, para a prevención dos incendios forestais

Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envío: 22/10/2019 13:21:57.517

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto o artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

A prevención de incendios forestais é unha prioridade á vista das posibles alteracións climatolóxicas adversas que desde os distintos ámbitos científicos se prevén (aumento das temperaturas, diminución das precipitacións, incremento de fenómenos con ventos de alta intensidade...).

Moitos concellos, especialmente os máis pequenos, teñen dificultades para o cumprimento adecuado das súas obrigas pola falla de tantos recursos económicos como de persoal. Por iso, o convenio asinado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga para a adecuada xestión das faixas secundarias, supuxo un impulso importante para os concellos no desenvolvemento das súas funcións en materia de prevención de incendios forestais.

Este convenio evolucionou desde a súa aprobación, incorporando accións tan importantes como a posta en marcha das aldeas modelo (programa que vai máis alá das franxas secundarias).

Desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos de grande interese que se puideran incluír neste convenio, actuacións de aplicación a calquera concello adherido,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envío: 22/10/2019 13:21:57.517

que permitan levar a cabo accións subsidiarias naqueles casos en que sexa necesario debido ao risco especial, polo situación estratéxica das parcelas ou a efectos exemplarizantes, no seu caso, e que por falla de recursos económicos ou administrativos, os concellos non poidan levar a cabo.

Tendo en conta o anteriormente exposto. O Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incluír no convenio de xestión de faixas secundarias unha modalidade de actuación para que o sistema público de xestión da biomasa poida realizar como mínimo 5 ha. de actuacións subsidiarias a petición de calquera concello adherido”.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/10/2019 13:17:32

Moisés Blanco Paradelo na data 22/10/2019 13:17:51

Jesús Miguel Prado Patiño na data 22/10/2019 13:18:08

Raquel Arias Rodríguez na data 22/10/2019 13:18:17

Carlos Gómez Salgado na data 22/10/2019 13:18:32

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 22/10/2019 13:18:44

Daniel Vega Pérez na data 22/10/2019 13:18:52



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/10/2019 13:21:57
Nº Rexistro: 57959
Data envío: 22/10/2019 13:21:57.517

Rosa Oubiña Solla na data 22/10/2019 13:19:09



CSV REXISTRO9aviv95Uq9

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 15.11.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 58030(10/PNC-004630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos terreos forestais particulares que polo seu estado de abandono supoñan un elevado risco de propagación do lume

Publicación da iniciativa, 555, 30.10.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 16:35:27
Nº Rexistro: 58030
Data envío: 23/10/2019 16:35:27.830

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Miguel Prado Patiño, Raquel Arias Rodríguez, Carlos Gómez Salgado, Jackeline E. Fernández Macías, Daniel Vega Pérez e Rosa Oubiña Solla**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

En moitas das comparecencias que se produciron na Comisión de Estudo sobre os incendios forestais, como así o recolle o propio ditame aprobado hai un ano, abordouse a problemática da gran cantidade de parcelas que figuran a nome de persoas ilocalizables ou que directamente teñen un titular descoñecido.

Este é un feito que dificultaba que as diferentes administracións puideran cumprir coas súas obrigas e actuar legalmente sobre este tipo de parcelas,(e no seu entorno), situadas moitas delas nas zonas interface urbano-forestal, dificultando os labores de protección e loita contra os incendios forestais.

A Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, contempla a declaración dos perímetros de alto risco como modalidade para executar actuacións subsidiarias en terreos forestais particulares cuxo estado de abandono supoña un risco especial de incendio forestal.

Estas actuacións son de especial relevancia porque capacitan aos servizos de prevención contra incendios forestais para realizar actuacións preventivas en terreos particulares sen actividade de xestión, pero nos que ata agora non se podía actuar por falla de dispoñibilidade dos terreos, xerándose un problema crecente de risco, favorecendo a propagación do incendio logo de producirse.

Por todo isto, tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

CSM-REXISTROUMISZXP98
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramilas/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2019 16:35:27
Nº Rexistro: 58030
Data envío: 23/10/2019 16:35:27.830

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que promova a declaración de perímetros de alto risco e realice as actuacións preventivas pertinentes naqueles casos nos que o nivel de risco de propagación do lume sexa elevado”.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/10/2019 16:33:04

Moisés Blanco Paradelo na data 23/10/2019 16:33:21

Jesús Miguel Prado Patiño na data 23/10/2019 16:33:35

Raquel Arias Rodríguez na data 23/10/2019 16:33:47

Carlos Gómez Salgado na data 23/10/2019 16:34:05

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 23/10/2019 16:34:15

Daniel Vega Pérez na data 23/10/2019 16:34:28

Rosa Oubiña Solla na data 23/10/2019 16:34:39



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com